



BASES REGULADORAS DAS AXUDAS MUNICIPAIS PARA COMEDOR ESCOLAR DOS/AS USUARIOS/AS DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO NON UNIVERSITARIO DO CONCELLO DE GONDOMAR QUE CONTAN CON SERVIZO DE COMEDOR E QUE SERÁN XESTIONADOS POLO CONCELLO EN VIRTUDE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO EN DATA 5 DE XULLO DE 2013 COA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

ANTECEDENTES

A implantación do comedor escolar obedeceu nos seus inicios á necesidade de dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada da tradicional dispersión xeográfica galega, que dificultaba o acceso dos escolares á ensinanza, razón pola que se concibía unido ao transporte escolar. No momento actual o comedor escolar está a alcanzar novas virtualidades, derivadas da súa condición de medio básico na conciliación da vida laboral e familiar.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sensible ás demandas das comunidades educativas dos centros de ensino público do concello de Gondomar que solicitaban contar con comedor escolar, consentiu no seu día na cesión das instalacións existentes neses centros para o efecto e autorizou a apertura dos correspondentes comedores, a fin de que foran xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as e as súas federacións.

En efecto, as asociacións de nais e pais de alumnos/as viñeron xestionando nos últimos anos os comedores escolares dos CEIP Souto Donas, CEIP Serra de Vincios, CEIP Xosé Neira Vilas e CEIP Chano Piñeiro, para o cal contaron coas axudas procedentes da Consellería.


Durante o curso escolar 2012-2013 as asociacións de nais e pais de alumnos/as que xestionan os comedores escolares existentes xa citados, manifestaron as dificultades que a xestión e organización dos comedores estalles a ocasionar, declinando continuar asumíndoas dende o curso escolar 2013-2014.

Ante isto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Gondomar, conscientes da importancia que para moitas familias do municipio supón o comedor escolar como medio de conciliación da súa vida laboral e familiar, acordaron establecer un Convenio de colaboración para a xestión dos comedores, de acordo co previsto no artigo 2.3 do citado Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, e como fórmula para manter os comedores escolares nos citados centros da capital galega ao longo dos cursos escolares 2013-2014 e 2014-2015.

O Convenio de colaboración, de data 5 de xullo de 2013, contempla na súa Cláusula Terceira, o compromiso da Consellería de colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar mediante unha achega económica que se suma as axudas propiamente municipais que se veñen concedendo dende hai anos no noso Concello.

PRIMEIRA.—OBXECTO E FINALIDADE

É obxecto das presentes Bases é regular o procedemento para a concesión de axudas municipais de Comedor para educación infantil e educación primaria obrigatoria, nos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor que serán xestionados polo Concello en virtude do Convenio de Colaboración asinado en data 5 de xullo de 2013 coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



O programa subvencionable serán as Axudas para comedores escolares (setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados nos niveis de Educación Infantil (2ª Etapa) e Educación Primaria.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrência e obxectividade. O fin último das subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores, apoiando especialmente aquelas unidades familiares que, por escaseza de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- BENEFICIARIOS

Os/as beneficiarios/as de axudas para comedor escolar deberán estar matriculados nun dos centros públicos de ensino do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa): 3 a 5 anos.
- Educación Primaria: 6 a 12 anos.

Os/as beneficiarios/as das axudas terán dereito a unha praza no comedor do centro educativo, de tal xeito que, se o número de solicitudes excedese no número máximo de prazas dispoñibles, fixaranse as quendas do servizo, segundo os criterios que se indican a continuación:

1º.-Terán preferencia para facer uso do comedor na primeira quenda os/as nenos/as de Educación Infantil.

Nembargante, se o pai, nai, titor/a ou coidador/a do/a menor prefire que o seu fillo/a use o comedor xunto co/coa irmá/n na segunda quenda, por corresponderlle segundo orden alfabético, prevalecerá o criterio da persoa responsable do/a menor.

2º.- Completarase a primeira quenda cos restantes nenos e nenas por rigoroso orden alfabético do primeiro apelido ata completar o número máximo de prazas.

3º.-Os restantes nenos e nenas farán uso do comedor na segunda quenda.

TERCEIRA.—INCOMPATIBILIDADE

As axudas municipais para comedor escolar, son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicalo e reintegrar o concedido ao Concello no caso de ter percibida outra axuda.

CUARTA.—REQUISITOS

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas:

- A unidade familiar deberá estar empadroada (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Servizos Sociais) e residir de modo efectivo no Concello de Gondomar.
- Convivir cos alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Estar matriculado ou ter reserva de matrícula para o curso escolar da respectiva convocatoria.



- Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados en centros públicos, en segunda etapa de Educación Infantil e Educación Primaria.
- Ter presentado a solicitude e a documentación requiridas.
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean sitos no termo municipal de Gondomar.

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar:

- a) A formada polos cónxuxes e seus descendentes, que convivan habitualmente, incluídos neste apartado as parellas de feito.
- b) Nos casos de separación legal,divorcio, viuvez e familia monoparental, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo posible beneficiario e seus acolledores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.

QUINTA.—SISTEMAS DE SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Solicitude:

Os/as solicitantes subscribirán impreso de solicitude segundo modelo que lles será facilitado no Departamento de Benestar Social.

Documentación:


1.- A presentar en todos os casos:

- 1.1.- Fotocopia do DNI, NIE ou Pasaporte de todos os membros da unidade de convivencia.
- 1.2.- Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.
- 1.3.- Volante de empadronamento-convivencia no Concello de Gondomar.
- 1.4.- Autorización de datos da conta bancaria do/a beneficiario/a.
- 1.5.- Xustificante do centro educativo no que se faga constar que están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula.

2.- A presentar nos casos de valoración da realidade económica da unidade familiar a efectos de poder determinar unha situación de Emerxencia Social ou susceptible dunha axuda de dous (2) euros por menú/día. De non presentar dita documentación entenderase que o solicitante non desexa que sexa valorada a súa situación económica e será beneficiario da axuda de un (1) euro por menú/día.

2.1.-Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar:

- Seis últimas nóminas actualizadas de todos os membros da unidade económica de convivencia.



- No caso de separación ou divorcio, sentenza e, no seu caso, convenio regulador, así como xustificantes das aportacións do ex cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia ou demanda executiva por incumprimento das medidas económicas reguladas na sentenza ou convenio regulador.
- No caso de percibir unha pensión por xubilación, viudez, orfandade ou incapacidade, deberá presentarse xustificante do Organismo correspondente.
- No caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, deberán aportar certificado o xustificante o respecto do Organismo dende onde se conceda, no seu defecto Certificación negativa (INEM), cando non sexa posible presentar a documentación requirida, achegarase no seu lugar declaración responsable a tales efectos.
- Certificados bancarios dos saldos das contas correntes, depósitos, etc..
- Contrato de aluguer ou recibo crédito hipotecario.
- Certificado/s de minusvalía.
- Certificado de vehículos e do I.B.I
- Calquera outro documento que poidan solicitar dende o departamento de servizos sociais.

O/a solicitante autorizará ao Concello para solicitar e obter información doutras Administracións que sexa necesaria para a tramitación da solicitude, así como para obter información sobre a súa situación patrimonial. Así mesmo, asinará un documento de declaración responsable de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social, e asinará unha declaración xurada ou promesa, segundo modelo que se lle facilitará no Departamento de Benestar Social, na que se faga constar que non ten recibido doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada.

SEXTA—FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes en modelo oficial a través do Rexistro Xeral Municipal.

SETIMA.—TRAMITACIÓN E SUBSANACIÓN DE ERROS

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Departamento de Servizos Sociais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requerirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no art. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de **10 días hábiles**, enmende a falta ou acompañe os documentos requiridos, informaráselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

OITAVA.— CONTÍA AXUDAS

As axudas económicas serán da totalidade do custe do menú ou dous (2) euros menú/día ou un (1) euro menú/día.

NOVENA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN- INDICADOR ECONÓMICO

9.1.-Terán dereito a percibir a totalidade do custe do menú, aquelas unidades familiares solicitantes que cumpran os requisitos establecidos na Ordenanza Municipal Reguladora de Axudas de Emerxencia Social aprobada no Pleno de data 13 de Setembro do 2012 (BOP 11/10/2012).



CONCELLO
DE
GONDOMAR
Concello de Gondomar

9.2.- Terán dereito a percibir unha axuda de dous(2) euros por menú/día aquelas unidades familiares que teñan uns ingresos económicos que non superen os límites que se indican a continuación:

LIMITES APLICABLES

NUMERO DE MEMBROS	LIMITE INGRESOS ANUAIS
2	11.400€
3	12.600€
4 e seguintes	13.800€

Para o cómputo final dos ingresos descontaranse o aluguer e hipoteca da vivenda habitual, ata o límite máximo de trescentos (300) euros mensuais.

9.3.- Terán dereito a percibir unha axuda de un (1) euro por menú/día aquelas unidades familiares que teñan uns ingresos económicos que superen os límites económicos sinalados no parágrafo anterior.

DECIMA.—COMISIÓN DE VALORACIÓN

A Comisión de Valoración integrada polo/a Concelleiro/ a responsable de Benestar Social ou Concelleiro/a en quen delegue que actuará de presidente; o/a xefe/a de área do Departamento de Benestar Social (Traballadora Social), a Educadora Familiar e a Auxiliar administrativa do departamento que actuará como secretaria. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO PRIMEIRA.—CONCESIÓN E RESOLUCIÓN DAS AXUDAS

O/a instrutor/a do procedemento (Traballadora Social) avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na Base Oitava, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder subvencións. O/a instrutor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables dos Servizos Sociais do Concello.

Rematada a instrución do expediente, este remitíraselle á Alcaldía para a aprobación definitiva.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos os solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, expediente, colexio, estado das axudas(concedida ou denegada, neste caso indicando expresamente o motivo da denegación).

Na Resolución de Alcaldía, da cordo coa proposta da instrutora do procedemento, e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva da axuda de Comedor con cargo a partida correspondente do orzamento do Concello.

A concesión da axuda implica o dereito do/a solicitante a unha praza no comedor do centro educativo, nunha das quendas do servizo.

DECIMO SEGUNDA.— PAGAMENTO DAS AXUDAS E XUSTIFICACIÓN

O pagamento e xustificación das axudas están ligados ao Convenio de Colaboración suscrito polo Concello de Gondomar e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a xestión do servizo de Comedor Escolar polo Concello.

DÉCIMO TERCEIRA.—RECLAMACIÓNS

O prazo de resolución e de notificación non excederá de tres meses contados desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado si transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse Recurso Contencioso Administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, no prazo de dous meses.

Os prazos contaránse a partir do día seguinte da publicación.


Contra a resolución individual poderán interpoñerse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello.

DÉCIMO CUARTA.— CAUSAS DENEGACION DAS AXUDAS

- Non existir suficiente consignación orzamentaria para cubrir todas as solicitudes presentadas.
- Non cumprir os requisitos da convocatoria.
- Non cumprimentar a documentación solicitada no prazo esixido.
- Comprobarse falsidade documental.
- Ter obtido axuda por este mesmo concepto.
- Calquera outra circunstancia que a criterio dos Servizos Sociais fora motivo suficiente para a súa denegación.

DÉCIMO QUINTA.- REVOCACIÓN DA AXUDA E REINTEGRO.

- a) Poderá ser revocada a subvención concedida pola causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- b) Igualmente poderá ser revocada a subvención concedida, especificamente, polos seguintes motivos:



CONCELLO
DE
GONDOMAR
Montevideo

- Falta de asistencia sen xustificar, en tempo e forma, ao comedor escolar.
- Problemas de comportamento do/a menor de forma continuada no comedor escolar.
- Incumprimento das normas de funcionamento do comedor establecidas nos pregos administrativos e técnicos que vinculan a empresa adxudicataria do servizo de catering e ao Concello en virtude do contrato de servizo de comedor asinado.
- Ocultación de información, si esta condicionou a concesión da axuda.
- Renuncia voluntaria dos/as interesados/as, pai, nai, titor/a ou coidador/a.
- Mellora da situación económica da unidade de convivencia ao longo do curso escolar, de forma que a mesma se considere dunha relevancia considerable como para cesar a axuda, valorada polos Servizos Sociais.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para as súa cobranza o previsto na normativa vixente.

DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS.

A Dirección dos centros educativos informará ao Concello durante o curso lectivo, mediante escrito dirixido ao Concelleiro/a de Benestar Social da relación do alumnado que incumpre os requisitos para percibir as axudas por estar incurso nalgunha das causas específicas de revocación, moi especialmente, a falta de asistencia inxustificada ao comedor e/ou problemas de comportamento do/a menor no comedor escolar.

NORMA FINAL

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En Gondomar, a 22 de maio de 2014.

O Alcalde

Fernando Guitián Guitián